

NOUTURNIO

1880

Da aldea lexana fumegan as tellas;
detrás dos petoutos vai pódose o sol;
retornan prós eidos coa noite as ovellas
tiscando nas beiras o céspede mol.

Un vello, arrimado nun pau de sanguíño,
o monte atravesa de cara ó pinar.
Vai canso; unha pedra topou no camiño
e nela sentouse pra folgos tomar.

-¡Ai! dixo, ¡que triste,
que triste que estou!
I on sapo que oía
repuxo:-¡Cro, cro!

¡As ánemas tocan!...Tal noite com' esta
queimouseme a casa, morreume a muller;
ardeume a xugada na corte i a besta,
na terra a semente botouse a perder.

Vendín pros trabucos bacelos e hortas
e vou polo mundo de entón a pedir;
mais cando non topo pecháda-las portas,
os cas sáienme a elas e fanme fuxir.

Canta, sapo, canta:
ti i ei ¡somos dous!...
I o sapo, choroso,
Cantaba: -¡Cro, cro!

Soliños estamos antrambos na terra,
mais nela un buraco tialcontras i eu non.
A ti non te morden os ventos da serra
i a min as entranas i os ósos me ron.

Ti, nado nos montes, nos montes esperas,
decote cantando, teu término ver;
eu, nado entre os homes, dormento entre as feras,
e morte non acho, si quero morrer.

Xa tocan... Recemos,
¡que dicen que hai Dios!...-
El reza i o sapo
cantaba -¡Cro, cro!

A noite cerraba, i o raio da lúa

nas lívidas cumes comenza a brilar;
curisco que tolle nos árbores brúa
i escóitase ó lexos o lobo ouvear.

O probe do vello, cos anos cangado,
erguese da pedra i o pau recadou;
virou para os ceos o puño pechado
e cara ós touzales rosmando marchou...

Cos ollos seguíndoo
na escura extensión,
o sapo quedouse
cantando: -¡Cro, cro!